



POPULARES



Grupo Municipal Popular
Santiago de Compostela

PROPOSICIÓN SOBRE A NOVA LICITACIÓN DAS OBRAS NO ROMAÑO E GUADALUPE-VITE QUE FORON OBXECTO DE DESESTIMENTO

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Xunta de Goberno local do 22 de maio de 2015, o anterior Goberno municipal acordaba a apertura do procedemento de licitación de dous proxectos para acometer distintas actuacións de gran transcendencia para a calidade de vida dos barrios do Romaño e de Guadalupe-Vite.

Un conxunto de melloras que viñan a resolver importantes carencias en materia de accesibilidade, de saneamento, de urbanización e de seguridade viaria, dando resposta a boa parte das demandas formuladas pola veciñanza desas zonas.

En concreto, o proxecto de actuacións no sector 21- O Romaño, que contaba cun orzamento de 105.200 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de dous meses, ía dirixido a afrontar o saneamento da Ponte Romaño para conectar coa rede xeral de sumidoiros; o asfaltado da pista Catalina; o asfaltado dun tramo intermedio que carece del na unión da pista do Ameneiral coa travesía de Lermo; o asfaltado e acondicionamento da rúa Fonte de Lermo e da Travesa de Lermo; e a canalización de augas e limpeza da pista de Casal da Horta desde Vista Alegre.

Pola súa parte, o proxecto de actuacións en Guadalupe-Vite sector 40, cun orzamento de 207.275 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de dous meses e medio, tiña por finalidade a realización de obras para a mellora da rúa Blanco Amor, coa substitución do pavimento, das beiravías, a remodelación de xardíns, para gañar ancho de vía e aparcamento; e a colocación de varandas de seguridade.

Transcorridos seis meses desde o inicio do procedemento de adjudicación sen que se producira ningún avance no expediente “á espera dunha decisión política ao respecto” -tal e como se expresa no correspondente informe dos técnicos municipais-, o 27 de novembro pasado a Xunta de Goberno local acorda desistir do procedemento de licitación, amparándose no informe solicitado para valorar “a situación actual do proxecto”. O informe emitido o 30 de outubro conclúe que “o proxecto debería actualizarse, mediante a súa modificación para dar cumprimento a nova Lei de Accesibilidade”.

Tendo en conta que as necesidades que deron lugar a estes proxectos persisten e que as citadas actuacións contaban coa previsión orzamentaria necesaria para a súa execución, o Grupo Municipal do Partido Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno Municipal insta ao correspondente órgano do Goberno a que, previa a modificación que se considere necesaria dos proxectos, se proceda a licitar novamente á maior brevidade posible a contratación das obras de actuacións viarias no sector 21-O Romaño e en Guadalupe-Vite Sector 40”.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2016.



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular